



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

METEOGALICIA
Informe climatolóxico agosto 2011

INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE AGOSTO DE 2011



ÍNDICE

1	DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES	2
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
4	TEMPERATURA	10
4.1.	Temperatura máxima media mensual.	10
4.2.	Temperatura mínima media mensual.	11
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 agosto.	12
5	PRECIPITACIÓN	16
5.1.	Precipitación acumulada mensual agosto 2011	16
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	17
5.3.	Días de chuvia en agosto de 2011	18
6	VENTO	20
7	RADIACIÓN SOLAR	24
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual	24
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	25
8	RAIOS	26
	Anexo: Resumo mensual	

Data edición: 06/09/2011



Mes normal ou lixeiramente frío en canto ás temperaturas e con alta variabilidade en canto as chuvias.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de agosto pode considerarse en xeral normal en Galicia, exceptuando algún fenómeno extremo, como as tormentas da noite do 21 e madrugada do 22. De tódolos xeitos, a situación de aire frío ao norte da península Ibérica non desapareceu completamente, polo que os anticiclóns non foron en xeral moi duradeiros nin achegaron aire cálido procedente do norte de África. Desta forma, os primeiros 7 días do mes caracterizáronse po unha situación intermedia entre altas e baixas presións, logo de finalizar o mes de xullo con altas presións.

O primeiro día do mes tivemos un descenso térmico e un aumento de nubes. Na xornada do 2 entraron néboas dende o mar e os días 4, 5, 6 e 7 foron máis variables, con algunhas chuvias, pero tamén momentos de ceos máis abertos.

A única xornada na que as chuvias foron algo máis xeneralizadas foi a do día 6, aínda que as precipitacións neste día tiveron lugar principalmente pola mañá, mellorando rapidamente a situación pola tarde. Neste día rexistráronse refachos máximos de máis de 70 km/h principalmente no litoral e nas zonas altas da provincia de Ourense.

A segunda semana do mes, entre o 8 e o 13, Galicia gozou dunha situación anticiclónica estable, e polo tanto con tempo seco e soleado. As temperaturas foron subindo e a partir do día 9 ata o 12 superáronse os 30°C en moitas localidades, tanto no interior como nas Rías Baixas. O día 13 a situación comezou novamente a cambiar co achegamento dun centro de baixas presións que ocasionou un descenso térmico e un aumento de nubes.

A xornada do 14 estivo marcada polo paso dun sistema frontal moi activo que deixou chuvias xeneralizadas e un importante descenso térmico. Porén, este empeoramento foi moi transitorio posto que na propia xornada do día 15 as altas presións volveron a dominar a situación e a xornada foi de ceo despexado e ascenso térmico. Este novo período anticiclónico estendeuse practicamente toda a terceira semana de agosto, cambiando novamente na fin de semana, principalmente na xornada do día 21.



As temperaturas entre o 15 e o 21 foron as máis altas de todo o mes de agosto, sendo o único episodio no que os termómetros superaron os 35°C no interior, achegándose a este valor no litoral. Neste intervalo, as xornadas de máis temperatura foron ás do 19 e 20, xustamente cando o período anticiclónico estaba a piques de rematar. A finalización deste período tivo lugar coa chegada dun área de aire frío nas capas medias e altas da atmosfera durante o día 21.

A situación de aire moi cálido e con humidade en superficie, combinado co aire frío nas capas medias e altas da atmosfera deu lugar a tormentas moi intensas, particularmente na zona das Rías Baixas, onde a chuvia rexistrada acadou valores máis altos do que se levaba rexistrado dende o 1 de xuño ata o 20 de agosto deste ano. Especial atención require a forte intensidade da chuvia na cidade de Vigo, onde os datos dezminutais superaron os 10 L/m² (chuvias torrenciais) durante media hora. Isto móstrase na táboa 1. O acumulado da chuvia diaria na Comunidade móstrase así mesmo, na figura 1.

Data	Chuvia (L/m ²)
21/08/2011 20:30	12.1
21/08/2011 20:40	16.7
21/08/2011 20:50	17.1
21/08/2011 21:00	6.8
21/08/2011 21:10	3.2
21/08/2011 21:20	3.6
21/08/2011 21:30	2.9

Táboa 1: Precipitación rexistrada nun curto intervalo de tempo na estación Vigo-IIM




Figura 1: Precipitación rexistrada o día 21/08/2011 en Galicia

O día 22 o aire frío en altura e as tormentas alimentaron unha pequena baixa que nas xornadas do 22 e 23 deixaron un tempo fresco con nubes, aínda que sen apenas precipitacións. O día 24 tivemos unha melloría transitoria, agardando a chegada dunha fronte na xornada do 25 que novamente deixou algunhas chuvias e tempo gris tanto o día 25 como na mañá do 26. A propia tarde do 26 a situación volveu a mellorar, comezando outro período anticiclónico entre a tarde do 26 e a xornada do 29.

Do día 27 ao 28 acadáronse en Galicia valores moi baixos na temperatura, chegando a superar as efemérides das estacións en moitos puntos de Galicia, sendo as zonas do interior as máis afectadas (figura 2).




Figura 2: Mapa de temperatura mínima do día 28/08/2011

As dúas derradeiras xornadas do mes estiveron marcadas pola presenza dun pequeno centro de baixas presións, pero que foi suficiente para deixarnos ceos grises e chuvias que na tarde do 30 e na mañá do 31 foron xeneralizadas e moi persistentes en áreas de Rías Baixas e sur da Coruña.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nas anomalías de presión tanto en superficie como en altura pódese apreciar como as presións algo máis baixas das habituais mantivéronse principalmente nas capas medias e altas da atmosfera (figura 4), mentres que en superficie podemos dicir que a presión foi a normal para esta época do ano. Isto pon de manifesto que a situación en superficie estivo dominada polas altas presións, pero que a presenza de aire frío en altura fixo que non fosen moi continuados e que en xeral as temperaturas non fosen moi altas.




Figura 3: Anomalías de presión en superficie, agosto de 2011.




Figura 4: Anomalías de xeopotencial en 500hPa, agosto de 2011.



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	AGOSTO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.0	19.2	20.7 (1999)	17.8 (1977)
Tª mínima media	15.7	16.0	14.7 (1974)	17.4 (1999)
Tª mínima absoluta	12.5 (día 28)	11.4 (04/08/1972)		
Tª mínima máis alta	18.6 (día 21)	22.8 (20/08/1993)		
Tª máxima media	22.6	22.5	24.5 (1980)	20.7 (1977)
Tª máxima absoluta	28.0 (día 20)	35.2 (20/08/1993)		
Tª máxima máis baixa	19.4 (día 22)	16.2 (25/08/1993)		
Precipitación acumulada	44	21-36	96 (1997)	1 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	8	6	12 (1977)	1 (1998)

Comentario: Mes frío para as temperaturas mínimas e medias pero cuns valores que rozan a normalidade. Para as máximas o mes é normal.

A precipitación rexistrada é superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido, o número de días de chuvia tamén é superior ao agardado.

**SANTIAGO**

	AGOSTO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.5	19.8	21.9 (1990)	17.1 (1986)
Tª mínima media	13.8	14.5	15.7 (1995)	12.4 (1986)
Tª mínima absoluta	8.4 (día 27)	7.3 (29/08/1986)		
Tª mínima máis alta	18.8 (día 20)	23.9 (20/08/1993)		
Tª máxima media	24.7	25.1	28.6 (1998)	21.7 (1986)
Tª máxima absoluta	34.4 (día 19)	16.7 (30/08/1992)		
Tª máxima máis baixa	17.8 (día 25)	38.5 (04/08/1990)		
Precipitación acumulada	52	40-55	151 (1992)	1 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	7	5	12 (1992)	1 (1998)

Comentario: Mes frío.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para o mes de agosto. Sen embargo, o número de días de chuvia foi superior ao agardado

** valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.*

LUGO

	AGOSTO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.5	19.4	21.8 (1998)	16.7 (1972)
Tª mínima media	12.9	13.3	15.7 (1994)	10.6 (1972)
Tª mínima absoluta	6.2 (día 27)	5.0 (29/08/1986)		
Tª mínima máis alta	17.5 (día 14)	21.0 (20/08/1991)		
Tª máxima media	26.0	25.5	28.6 (1990)	21.4 (1983)
Tª máxima absoluta	35.4 (día 20)	40.0 (12/08/1987)		
Tª máxima máis baixa	18.7 (día 22)	14.0 (06/08/1982)		
Precipitación acumulada	17	19-30	93 (1976)	0 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	4	4	10 (1983)	0 (1988)

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas medias, mentres que é normal para as mínimas e cálido para as máximas.

A chuvia rexistrada é inferior ao agardado polo que o mes considérase seco. Sen embargo, o número de días de chuvia é o esperado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	AGOSTO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.6	19.9	22.4 (1995)	17.6 (1977)
Tª mínima media	14.9	14.1	16.2 (1995)	12.0 (1985)
Tª mínima absoluta	9.5 (día 29)	3.4 (08/08/1971)		
Tª mínima máis alta	20.1 (día 20)	20.1 (22/08/1980)		
Tª máxima media	25.5	25.7	28.7 (1995)	22.7 (1977)
Tª máxima absoluta	34.9 (día 11)	37.1 (01/08/1989)		
Tª máxima máis baixa	19.4 (día 31)	18.1 (31/08/1974)		
Precipitación acumulada	134	23-52	121 (1992)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	8	5	10 (1986)	0 (1981)

Comentario: Mes frío para as temperaturas medias, cálido para as mínimas e normal para as máximas.

Destaca a elevada cantidade de precipitación acumulada no mes pola que, o mes considérase moi húmido. O número de días de chuvia, tamén é superior ao agardado.

OURENSE

	AGOSTO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	21.8	22.0	24.9 (1998)	19.2 (1977)
Tª mínima media	14.3	14.2	17.2 (1981)	10.0 (1972)
Tª mínima absoluta	8.1 (día 27)	5.6 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	20.1 (día 14)	23.2 (22/08/1980)		
Tª máxima media	30.5	29.9	33.2 (1990)	24.9 (1977)
Tª máxima absoluta	38.1 (día 19)	42.2 (04/08/1990)		
Tª máxima máis baixa	23.3 (día 22)	18.0 (30/08/1974)		
Precipitación acumulada	19	15-24	88 (1976)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	4	3	8 (1983)	0 (1988)


Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas máximas, mentres que é normal para o resto. A chuvia rexistrada tamén está dentro do rango de valores normais se ben, o número de días de chuvia é lixeiramente superior ao valor climático mensual.



4 TEMPERATURA

As temperaturas en xeral estiveron moi preto da normalidade, aínda que cunha tendencia en xeral a quedar algo por debaixo dos valores agardados. Isto débese a que a presenza de aire frío ao norte da península Ibérica non deixou que os anticiclóns fosen de moi longa duración e ademais non achegaron en xeral aire moi cálido. Soamente tivemos dous curtos períodos nos que as temperaturas superaron amplamente os 30°C tanto no interior como en puntos do litoral, coincidindo cos anticiclóns da segunda e terceira semana.

4.1. Temperatura máxima media mensual.



Tmáx - 08/2011

www.meteogalicia.es

Figura 5: Mapa de temperatura máxima media do mes de agosto de 2011.



4.2. Temperatura mínima media mensual.




Figura 6: Mapa de temperatura mínima media do mes de agosto de 2011.



4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 agosto.




Figura 7: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) respecto al período 1971-2000.

A táboa 2 mostra as anomalías positivas máis destacables, nas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de observación de MeteoGalicia. As anomalías máis altas, respecto ó período climático 1971-2000, localízanse principalmente no sur da provincia de Ourense.



Anomalías máis altas de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Xurés	Muiños	Ourense	1.3
Verín	Verín	Ourense	1.2
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	0.7
Entrimo	Entrimo	Ourense	0.6
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	0.6
Xares	A Veiga	Ourense	0.5
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	0.4
Labrada	Abadín	Lugo	0.3
Pereira	Forcarei	Pontevedra	0.3
Fragavella	Abadín	Lugo	0.3

Táboa 2: Anomalías máis elevadas no mes de agosto de 2011.

A táboa 3 amosa as anomalías máis baixas rexistradas, na rede de estacións de MeteoGalicia, con respecto ao período climático 1971-2000. As anomalías máis baixas rexistráronse principalmente na provincia de Lugo.

Anomalías máis baixas de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Mourelle	Sarria	Lugo	-2.0
Bóveda	Bóveda	Lugo	-2.0
Sálvora	Ribeira	A Coruña	-1.9
Portomarín	Portomarín	Lugo	-1.9
Illas Cíes	Vigo	Pontevedra	-1.9
San Fiz	Chantada	Lugo	-1.9
Corrubedo	Ribeira	A Coruña	-1.8
Sobrecedo	Taboada	Lugo	-1.8
A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	-1.8
Ons	Bueu	Pontevedra	-1.7

Táboa 3: Anomalías máis baixas no mes de agosto de 2011.

Nas táboas 4 e 5 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na comunidade galega no mes de agosto de 2011 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2011				
por debaixo dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
19/08/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	40.1
19/08/2011	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	40.1
16/08/2011	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	39.7
16/08/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	39.5
20/08/2011	Remuíño	Arnoia	Ourense	38.9
10/08/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	38.6
20/08/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	38.5
11/08/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	38.4
10/08/2011	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	38.4
12/08/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	38.4

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2011 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2011				
por riba dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
12/08/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	33.8
11/08/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	33.5
19/08/2011	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	32.9
16/08/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	32.6
19/08/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	32.6
10/08/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	32.0
20/08/2011	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	31.6
16/08/2011	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	31.5
16/08/2011	Corzos	A Veiga	Ourense	31.4
19/08/2011	Corzos	A Veiga	Ourense	31.1

Táboa 5: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2011 a litude maior de 1000 m.

Nas táboas 6 e 7 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na comunidade galega no mes de agosto de 2011 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente.



Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2011				
por riba dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
27/08/2011	Corzos	A Veiga	Ourense	0.3
27/08/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	1.3
26/08/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	1.6
27/08/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	1.6
08/08/2011	Xares	A Veiga	Ourense	1.9
26/08/2011	Xares	A Veiga	Ourense	1.9
27/08/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	2.3
27/08/2011	Xares	A Veiga	Ourense	2.4
26/08/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	2.7
08/08/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	2.8

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2011 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2011				
por debaixo dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
27/08/2011	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-0.8
29/08/2011	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-0.4
28/08/2011	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	1.5
09/08/2011	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	1.9
27/08/2011	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	2.2
26/08/2011	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	2.2
27/08/2011	Baltar	Baltar	Ourense	2.5
08/08/2011	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	2.8
09/08/2011	Baltar	Baltar	Ourense	3.0
09/08/2011	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	3.2


Táboa 7: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2011 altitude inferior a 1000m.



5 PRECIPITACIÓN

A distribución das chuvias foi en xeral irregular e queda moi marcada polas treboadas da noite do 21 e a madrugada do 22. De tódolos xeitos, prescindido deste episodio podemos dicir que o mes foi húmido con episodios frecuentes de chuvia na zona das Rías Baixas e sur da Coruña, mentres que as chuvias foron moito máis escasas no resto da Comunidade.

5.1. Precipitación acumulada mensual agosto 2011



Chuvia/lluvia - 08/2011

www.meteogalicia.es

Figura 8: Mapa de precipitación acumulada do mes de agosto de 2011.



5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de agosto de 2011.

Neste mapa, apréciase con claridade a contribución dos días 21 e 22 deste mes, no que nas Rías Baixas principalmente rexistrouse unha elevada precipitación, superándose en moitos lugares o dobre dos valores normais dun mes de agosto. Por contra, na maior parte de Lugo as precipitacións foron inferiores aos valores esperados.



5.3. Días de chuvia en agosto de 2011




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de agosto de 2011.

No interior de Lugo e zona de Verín foi onde se registrou o menor numero de días de chuvia (entre 2 e 4). Os valores máis altos estiveron entre 8 e 10 días.



A táboa 8 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de agosto.

Precipitacións acumuladas máximas en agosto de 2011 (L/m ²)			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	177
Muralla	Lousame	A Coruña	150
Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	134
Cespón	Boiro	A Coruña	128
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	125
Castrove	Poio	Pontevedra	122
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	120
Coto Muíño	Zas	A Coruña	114
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	114
Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	103

Táboa 8: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de agosto de 2011.

Como se pode observar, a maior cantidade de precipitación ocorreu principalmente na provincia de Pontevedra e na ría de Muros e Noia.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio
Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	90.6	21/08/2011 15:20
Areeiro	Pontevedra	Pontevedra	84	21/08/2011 8:50
Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	70.6	21/08/2011 14:10
VigollM	Vigo	Pontevedra	70.6	21/08/2011 7:00
Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra	70.4	21/08/2011 8:50
Vigo	Vigo	Pontevedra	66.8	21/08/2011 7:50
Castrove	Poio	Pontevedra	57.1	21/08/2011 14:00
Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	48.4	21/08/2011 15:40
Louredo	Mos	Pontevedra	47.9	21/08/2011 11:30
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	47.8	21/08/2011 15:20

Táboa 9: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de agosto de 2011.



6 VENTO

Na táboa 10 preséntanse os datos de refacho máximo superior aos 100 km/h rexistrados na rede de estacións de MeteoGalicia.

Refachos máximos diarios superiores a 100 km/h no mes de agosto de 2011			
Data	Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)
21/08/2011	Lardeira	Carballada de Valdeorras	114.4
21/08/2011	Xares	A Veiga	112.4
06/08/2011	Punta Candieira	Cedeira	106.6

Táboa 10: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de agosto de 2011.

Nas táboas seguintes preséntase un resumo no que se inclúen a rosa dos ventos das estacións meteorolóxicas escollidas, a velocidade media mensual, o refacho máximo (km/h) e a porcentaxe de calmas.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	79.5	NE	16		
		Día 6				
Punta Candieira	Cedeira	106.6	NE	11		
		Día 6				
Malpica	Malpica	69.6	NE	6		
		Día 6				







Marco da Curra	Monfero	69.6	SO	9		
		Día 6				
Río do Sol	Coristanco	67.3	N	2		
		Día 6				

Táboa 11: Resumo do vento no mes de agosto de 2011 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	90.0	SE	9		
		Día 6				
Ancares	Cervantes	84.7	S	16		
		Día 20				

Táboa 12: Resumo vento no mes de maio de 2011 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	54.3	NO	30		
		Día 6				
Alto do Rodicio	Maceda	56.6	NE	9		
		Día 21				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de agosto de 2011 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de montes	57.6	S	18		
		Día 9				
S. Faro	Rodeiro	64.0	SO	6		
		Día 25				
Ons	Bueu	67.7	N	5		
		Día 31				
C. Vicaludo	Oia	75.5	NE	11		
		Día 6				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de agosto de 2011 na provincia de Pontevedra.



7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 12: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de agosto de 2011.



7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 11: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



8 RAIOS

No seguinte gráfico móstrase o total de raios caídos sobre Galicia para cada día do mes. Rexistráronse raios principalmente nas xornadas do 20 ó 22 de agosto. En total, a rede de detección rexistrou a caída de 1477 raios en Galicia (Fig 14). No segundo gráfico (Fig 15) pódese ver cómo Lugo foi a provincia na que se detectaron un número maior de raios.




Figura 14: Número total de raios caídos en Galicia en agosto de 2011.




Figura 15: Número total de raios caídos en Galicia en agosto de 2011 por provincia

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 8

Provincia Estación	Tª Media °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC ⁽¹⁾ l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva ⁽²⁾	Xeada
A Coruña																									
A Gándara	16.2	19.7	30.3	20	13.6	11.2	28	74	18.6	22	-9	92	100	77	45	190	1588	18.7	80	969	17	0			
Aldea Nova	17.4	21.5	29.7	20	14.0	11.1	27	59	13.6	14	-31	85	95	69	39	167	1603	9.7	55	984	13	0			
Camariñas	17.9	20.2	26.9	20	15.3	10.5	27	37	14.2	31	-59	88	96	75	49	210	1737	17.3	71	--	13	0			
Cespón	19.5	25.2	33.7	10	14.8	9.1	27	128	33.8	6	--	79	94	57	--	--	--	7.9	46	1011	12	0			
CIS Ferrol	18.9	23.6	30.3	20	14.7	10.6	27	43	16.5	14	-71	84	99	64	52	221	1712	9.4	68	1012	12	0			
Corrubedo	18.6	22.9	32.3	10	15.1	12.3	27	59	26.9	31	-65	80	93	62	57	241	1891	10.8	59	1012	11	0			
Coruña	19.0	22.6	28.0	20	15.7	12.5	28	47	18.4	14	--	79	92	63	--	--	--	--	--	--	12	0			
Coruña Dique	18.0	20.8	26.2	10	15.2	11.2	28	29	12.8	14	--	93	100	81	--	--	--	13.3	61	1014	12	0			
Coto Muiño	16.9	22.7	33.4	20	11.5	4.3	27	114	35.4	31	--	87	99	65	--	--	--	5.4	39	--	16	0			
Fontecada	17.0	22.5	32.8	20	12.4	6.6	27	124	36.6	31	17	84	97	61	48	206	1674	10.4	47	974	14	0			
Lesende	18.4	23.5	32.4	20	14.0	9.1	27	73	29.8	31	--	76	91	55	--	--	--	5.8	116	--	12	0			
Lira	18.4	22.0	30.5	10	15.3	12.8	27	85	30.9	31	-37	81	93	66	56	239	1913	16.9	79	--	10	0			
Mabegondo	18.0	23.5	32.7	20	12.5	6.7	28	35	11.3	14	-74	80	93	62	47	202	1663	6.1	47	1005	14	0			
Malpica	17.2	20.8	27.9	20	14.5	11.7	7	43	13.7	22	-54	88	97	73	50	213	1730	17.3	69	997	15	0			
Marco da Curra	15.8	20.7	30.9	20	12.1	9.5	27	42	12.1	14	-61	85	98	62	48	207	1680	14.8	69	942	17	0			
Melide	17.9	25.4	35.0	20	11.5	5.1	27	31	10.8	22	-94	77	97	47	53	225	1855	6.8	48	961	9	0			
Muralla	15.9	20.2	29.3	20	12.6	9.4	27	149	36.8	6	48	87	99	67	52	220	1770	21.6	85	940	16	0			
Olas	16.7	22.7	32.8	20	11.7	6.7	27	51	16.4	21	--	87	99	65	47	200	1667	--	--	--	15	0			
Pazo de Galegos	18.9	25.4	35.0	20	13.6	7.1	27	26	11.0	31	-100	73	91	47	52	222	1935	5.0	32	989	7	0			
Punta Candieira	16.9	19.3	28.5	20	14.9	12.8	25	66	32.0	22	-24	86	96	73	46	197	1694	22.7	106	986	14	0			
Raído-Arzúa	17.7	24.5	35.9	20	11.9	6.1	27	62	15.2	22	--	81	98	54	--	--	--	--	--	973	14	0			
Río do Sol	15.7	20.1	31.7	20	12.4	9.4	26	58	16.9	31	-32	89	98	70	46	195	1590	18.7	67	954	19	0			
Sabón	18.1	20.9	25.6	20	15.1	10.8	28	47	20.8	14	-62	83	92	72	51	216	1812	11.5	69	--	11	0			
Sálvora	18.5	21.8	28.3	9	16.2	13.9	27	34	12.4	21	-88	84	94	68	61	258	2006	16.6	58	--	13	0			
Santiago-EOAS	18.5	24.7	34.4	19	13.8	8.4	27	51	18.2	31	-63	81	98	55	47	200	1739	8.6	56	986	12	0			
Sergude	18.9	25.3	34.5	20	13.7	8.1	27	63	28.5	21	--	79	97	52	47	202	1768	--	--	--	12	0			
Serra da Faladoira	15.5	19.4	29.7	20	12.5	9.9	27	50	10.7	6	-35	91	100	73	43	183	1669	17.3	68	950	18	0			
Lugo																									
Abradelo	17.5	25.1	33.5	19	11.6	5.8	27	35	7.7	21	--	73	96	41	58	248	2050	--	--	--	10	0			

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 8

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2 Total Máx. Día	BHC ⁽¹⁾ l/m2	Humidade relativa % Stand. Máx. Mín.			Radiación solar Insolación Horas Irradiación % de sol 10kJ/m2			Vento km/h Veloc. Racha Med. Máx.		Presión hPa Media	Número de días de: Choiva ⁽²⁾ Xeada		
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día			Stand.	Máx.	Mín.	%	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva ⁽²⁾	Xeada	
Lugo																							
Ancares	15.6	20.8	28.7	19	11.5	4.0	27	40	7.2	14	-101	67	88	43	59	253	2009	13.0	84	866	16	0	
Borreiros	18.3	23.5	27.8	13	13.4	8.4	27	41	10.0	22	-59	79	92	58	37	159	1559	4.7	40	1009	18	0	
Bóveda	19.5	28.7	37.3	19	12.1	5.3	27	13	4.7	21	--	68	93	33	59	249	1995	--	--	--	10	0	
Burela	16.3	19.2	27.3	20	14.2	11.9	26	56	20.7	22	-22	89	98	75	30	127	1327	13.0	89	968	14	0	
Campus Lugo	18.5	26.0	35.4	20	12.9	6.2	27	16	7.3	21	-106	73	92	43	48	203	1817	6.8	40	968	10	0	
Castro R. de Lea	17.7	24.9	35.2	20	12.2	5.1	27	25	5.8	21	--	80	98	49	50	214	1828	--	--	968	16	0	
Conchada	19.0	27.0	35.1	19	12.7	6.7	27	23	8.7	21	--	64	90	32	59	253	2042	--	--	--	11	0	
Corno do Boi	16.0	22.1	32.0	20	11.6	8.5	27	38	10.2	22	-73	83	100	56	52	222	1877	13.0	62	--	19	0	
Courel	18.7	26.5	35.0	19	12.5	6.5	27	27	7.3	21	-120	65	89	34	59	249	1981	7.2	63	928	9	0	
Foz	18.8	23.6	29.9	4	14.8	9.0	27	30	8.2	14	--	84	98	65	39	167	1581	--	--	--	10	0	
Fragavella	15.4	19.6	31.9	20	11.4	5.1	27	41	13.2	6	-44	88	98	70	38	162	1538	12.6	68	948	15	0	
Guitiriz	16.1	22.1	32.3	20	12.0	8.8	27	37	8.5	6	-71	83	98	57	49	210	1710	13.0	56	938	19	0	
Labrada	15.5	20.1	31.8	20	11.8	6.9	27	78	21.6	6	-16	85	98	64	41	176	1670	9.0	54	--	14	0	
Lourenzá	18.6	24.3	34.1	20	13.3	7.1	27	35	12.2	20	--	80	97	58	--	--	--	5.0	40	--	15	0	
Marroxo	18.6	26.6	34.5	19	12.9	8.1	27	21	9.5	21	-116	70	94	36	55	233	1935	6.5	59	943	11	0	
Míllara	21.2	31.5	40.1	19	14.1	8.4	27	14	6.9	21	--	66	93	33	--	--	--	4.0	45	--	8	0	
Mourelle	18.9	28.6	36.5	20	11.2	3.3	27	30	7.8	2	--	74	98	39	--	--	--	3.2	36	968	13	0	
O Cebreiro	15.6	22.7	30.9	19	10.5	2.8	27	46	10.6	21	-90	75	96	49	62	265	2158	14.0	69	871	18	0	
O Xipro	16.5	23.4	32.9	20	11.4	6.5	27	32	5.9	22	-84	80	98	50	50	214	1745	9.0	58	927	17	0	
Olveda	17.7	26.0	35.5	19	11.2	7.4	28	22	11.8	21	--	74	98	40	--	--	--	4.3	32	--	12	0	
Pedro Murias	19.0	22.6	28.1	4	15.5	11.9	28	54	14.9	20	-51	80	90	66	40	173	1559	9.0	57	1011	15	0	
Penedo do Galo	15.6	19.1	29.8	20	13.2	10.6	26	47	10.4	22	--	85	94	68	34	144	1432	--	--	--	15	0	
Pol	16.6	23.4	33.4	20	11.9	6.6	27	36	7.9	14	--	80	96	49	52	221	1834	--	--	--	14	0	
Pontenova (A)	16.7	22.1	34.2	20	13.0	7.1	27	28	8.1	14	--	91	100	64	42	180	1596	--	--	--	14	0	
Portomarín	18.4	26.9	35.7	20	11.8	6.6	27	16	7.8	21	--	72	95	37	48	204	1648	--	--	965	12	0	
Sambreixo	16.8	24.0	34.0	20	10.4	5.3	27	28	5.7	14	--	79	95	50	52	220	1807	--	--	--	14	0	
San Clodio	21.2	30.3	38.3	19	13.3	6.0	27	19	7.0	21	--	64	94	31	--	--	--	3.6	36	985	9	0	
San Fiz	19.4	27.2	35.8	19	13.4	7.9	27	15	12.6	21	-123	67	90	37	52	222	2060	7.9	41	970	7	0	

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 8

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC ⁽¹⁾ l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación % de sol	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva ⁽²⁾	Xeada
Lugo																								
Sobrecedo	19.0	27.1	35.2	20	12.5	7.4	27	15	13.6	21	-99	68	91	38	39	166	1257	4.0	29	969	6	0		
Ventosa	16.6	23.7	32.1	19	10.7	4.7	27	37	6.7	21	-74	76	96	45	47	199	1946	9.0	56	913	15	0		
Vilamor	18.6	23.9	35.5	20	13.8	7.3	27	26	8.2	31	-76	78	93	56	38	163	1609	5.0	43	--	10	0		
Ourense																								
Alto do Rodicio	16.9	23.0	31.8	19	11.5	5.1	27	46	14.0	25	-94	72	95	43	61	260	1942	13.0	56	906	14	0		
Amiudal	18.8	26.3	35.1	20	12.8	8.1	27	35	10.0	21	--	70	94	42	61	258	2092	10.1	61	--	9	0		
Baltar	18.2	27.1	34.5	19	9.5	2.5	27	18	11.4	21	--	61	88	28	70	296	2327	9.0	57	925	7	0		
Cabeza de Manzaneda	13.4	17.2	24.5	19	9.3	1.3	27	68	16.9	21	-65	66	89	40	64	272	2227	17.3	95	827	17	0		
Calvos	16.3	25.6	33.8	19	6.8	-0.8	27	33	14.6	21	--	72	99	35	--	--	--	7.6	40	--	11	1		
Corzos	16.2	23.9	31.4	16	9.6	0.3	27	64	27.0	--	--	67	93	38	--	--	--	7.9	54	--	12	0		
Entrimo	18.8	26.0	34.6	11	12.6	6.5	27	37	11.2	6	--	64	87	38	60	255	2054	--	--	--	12	0		
EVEGA Leiro	21.2	32.0	40.1	19	12.1	6.3	27	11	3.9	22	--	67	96	30	--	--	--	3.2	37	--	8	0		
Gandarela	19.0	27.2	34.8	20	12.8	8.4	27	24	9.7	21	-124	68	93	37	61	257	1993	9.0	54	945	10	0		
Lardeira	15.2	20.6	27.8	19	10.4	2.3	27	42	16.5	21	-102	67	90	43	65	276	2093	16.6	114	840	12	0		
Larouco	20.6	28.9	36.1	19	13.3	6.4	27	29	16.1	21	--	59	87	28	--	--	--	4.0	32	--	7	0		
Laza	20.2	29.1	36.2	11	12.1	5.4	27	18	12.2	21	--	62	92	29	--	--	--	6.5	44	--	5	0		
Monte Medo	18.7	26.7	34.7	19	11.5	6.1	27	32	10.8	21	--	68	96	34	61	258	2165	--	--	--	9	0		
O Invernadeiro	17.9	26.3	33.8	12	9.8	1.6	27	37	17.7	21	-123	61	86	32	66	279	2045	8.6	56	900	9	0		
Oímbra	20.9	29.9	36.7	11	11.6	4.3	28	15	14.4	21	--	60	90	29	--	--	--	5.0	33	972	6	0		
Ourense	21.8	30.5	38.1	19	14.3	8.1	27	26	9.6	22	--	60	88	29	--	--	--	--	--	--	9	0		
Ourense-Ciencias	21.7	29.3	36.5	19	15.0	9.1	27	19	7.3	22	-101	63	87	35	40	169	1383	6.5	42	996	10	0		
Pazo de Fontefiz	19.8	27.6	35.3	19	13.4	7.5	27	22	13.5	21	--	66	91	37	--	--	--	5.0	--	969	7	0		
Petarelas (As)	20.6	29.4	36.9	16	13.0	6.4	27	27	14.9	21	--	56	86	25	68	291	2250	--	--	--	8	0		
Ponte Boga	19.7	28.1	36.6	19	12.9	5.8	27	28	19.8	21	--	64	88	35	--	--	--	5.4	40	962	8	0		
Remuíño	20.8	30.7	38.9	20	13.0	6.9	27	26	6.6	22	--	70	96	36	--	--	--	4.3	36	--	9	0		
Riós	19.3	27.4	34.3	11	12.2	6.0	27	28	16.0	21	--	64	92	34	--	--	--	3.6	37	--	9	0		
San Xoán de Río	17.2	24.6	32.9	19	11.5	4.8	27	27	10.1	21	-122	70	94	40	64	272	2165	--	--	901	15	0		
Serra do Eixe	16.6	22.6	30.4	16	11.8	4.6	27	49	21.8	2	-104	65	89	37	65	275	2166	14.0	89	880	14	0		
Verín	20.7	28.9	35.9	11	13.3	7.0	27	21	12.6	21	-144	61	88	30	65	276	2180	7.9	50	952	7	0		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 8

Provincia Estación	Tª Media °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2 Total Máx. Día	BHC ⁽¹⁾ l/m2	Humidade relativa % Stand. Máx. Mín.			Radiación solar Insolación Horas Irradiación % de sol 10kJ/m2			Vento km/h Veloc. Racha Med. Máx.		Presión hPa Media	Número de días de: Choiva ⁽²⁾ Xeada	
	Med.	Absl.	Día	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día			%	Máx.	Mín.	%	de sol	10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.			
Ourense																							
Viana do Bolo	18.5	27.0	34.2	16	10.7	3.3	27	32	20.8	21	-125	64	93	32	68	287	2181	8.3	79	920	10	0	
Xares	14.1	19.5	27.1	10	9.2	1.9	26	54	22.0	21	--	63	89	39	--	--	2075	18.7	112	826	18	0	
Xurés	17.5	23.1	30.7	19	12.3	5.0	27	28	9.4	21	-126	68	91	43	68	287	2207	12.6	66	898	13	0	
Pontevedra																							
A Granxa	19.8	27.8	36.6	20	12.6	6.6	27	42	25.1	21	-89	72	93	43	56	237	1806	2.9	45	--	8	0	
Areas	19.9	26.5	36.4	20	14.7	9.0	29	84	24.0	6	--	75	94	48	--	--	--	4.7	43	--	11	0	
Areiro	19.3	24.7	33.0	20	14.8	10.3	29	97	50.0	22	--	76	91	55	--	--	--	4.0	63	--	8	0	
As Eiras	19.6	25.8	36.0	20	14.6	9.9	27	51	14.0	21	-74	76	94	51	54	228	1962	3.2	31	--	13	0	
Caldas de Reis	18.9	25.9	35.7	20	14.0	9.6	27	62	10.8	14	--	80	98	50	56	236	1921	--	--	985	13	0	
Castro Vicaludo	17.9	21.2	31.8	20	14.8	10.7	27	59	13.8	21	--	83	95	63	55	233	1914	13.3	75	961	13	0	
Castrove	18.3	22.1	31.8	20	14.8	11.0	26	122	36.8	22	-10	76	91	57	55	234	1829	12.6	86	966	14	0	
Cequelíños	21.0	29.0	38.0	20	14.6	9.3	29	33	9.6	21	--	69	95	39	--	--	--	7.2	44	--	11	0	
Corón	19.3	23.3	31.0	10	16.1	11.9	27	71	20.0	21	-66	78	91	58	60	257	2014	16.9	63	1014	9	0	
Entenza	20.3	27.7	37.6	20	14.3	7.7	27	81	41.4	21	-51	75	96	45	55	233	2097	3.6	30	--	10	0	
Fornelos de Montes	17.9	22.2	31.3	20	14.0	9.0	27	100	27.8	6	-36	75	91	55	54	229	1715	13.0	57	935	11	0	
Illas Cíes	18.7	22.1	31.0	20	15.8	13.2	27	42	24.4	21	--	76	87	60	57	244	1960	--	--	--	12	0	
Louredo	18.3	24.7	33.7	20	12.9	7.6	27	65	44.7	21	--	78	94	54	--	--	--	1.1	25	987	8	0	
Lourizán	19.6	25.5	34.9	11	15.0	9.5	29	134	58.2	22	13	81	88	49	51	217	1792	4.7	39	1010	14	0	
Meder	20.3	27.9	37.0	20	14.3	9.4	27	37	20.4	21	--	71	92	42	--	--	--	2.2	56	998	9	0	
Monte Aloia	18.3	23.7	34.3	20	14.1	9.9	27	85	28.7	21	-32	73	89	51	40	169	1656	8.6	45	960	11	0	
Mouriscade	17.3	25.5	34.3	20	9.1	2.2	27	31	7.6	22	-100	74	92	46	59	251	1966	5.8	44	958	17	0	
Ons	18.0	21.7	28.8	20	15.2	12.3	27	35	12.8	21	-79	84	95	66	58	245	2067	18.0	67	1002	15	0	
Pereira	17.4	23.5	33.6	20	12.1	8.1	27	78	15.2	6	--	76	96	49	56	240	1972	--	--	935	16	0	
Queimadelos	19.9	27.6	36.7	11	14.7	10.5	27	72	16.0	21	-50	73	91	47	44	186	1663	3.6	42	974	14	0	
Rebordelo	17.9	24.3	34.5	20	11.5	5.6	29	119	40.0	22	--	78	96	54	54	230	1842	--	--	974	16	0	
Sanxenxo	19.5	24.3	34.4	20	15.7	12.0	27	102	42.4	21	-24	78	93	58	54	229	1959	5.8	43	1011	13	0	
Serra do Faro	16.4	22.1	31.2	19	11.7	6.3	27	31	6.2	22	-108	72	94	46	57	241	1897	16.9	63	905	15	0	
Soutomaíor	19.2	24.9	34.3	11	14.6	10.2	27	93	37.1	--	--	74	90	51	--	--	--	3.6	37	--	8	0	
Torrequeintás	19.4	25.1	34.7	20	14.5	8.7	27	39	18.5	22	-84	76	92	52	52	220	1839	4.3	42	1007	7	0	

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 8

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC ⁽¹⁾ l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día	Stand.	Máx.	Mín.		Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.	Choiva ⁽²⁾	Xeada				
Pontevedra																								
Tremoedo	19.1	24.5	32.9	10	14.5	9.6	27	60	23.6	22	--	76	91	53	--	--	--	3.6	33	--	9	0		
Vigo	19.8	24.7	34.5	20	15.6	11.2	27	90	63.9	21	--	73	90	52	--	--	--	--	--	--	12	0		
Vigo-Campus	18.4	22.2	32.8	20	15.1	11.3	27	82	37.5	21	-52	71	85	54	57	242	1889	8.3	58	963	13	0		
Vigo-II Marinas	19.5	23.1	32.8	20	16.5	13.3	27	88	68.2	21	-35	77	90	59	54	230	1960	7.9	52	1013	11	0		
Xesteiras	16.3	20.6	31.0	20	12.8	9.0	9	176	36.2	--	--	79	93	59	--	--	--	21.6	81	--	19	0		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0